



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### BETANZOS

*Corrección bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización da praza de educador/a familiar*

#### ASUNTO: CORRECCIÓN BASES QUE DEBEN REXER A CONVOCATORIA E O PROCESO DE ESTABILIZACIÓN DO PERSOAL CONCURSO

**EXPEDIENTE: 2022/E001/000007**

No Boletín Oficial da Provincia núm. 238, de data 19 de decembro, publicáronse as Bases Xerais e Específicas que rexerán os procesos de estabilización de emprego público temporal para a postos incluídos na oferta extraordinaria de estabilización do pasado 13 de maio de 2022, entre as cales se atopa a de cubrir unha praza de persoal laboral fixo de Educador Familiar.

Visto o recurso de reposición do Colexio Oficial de Traballo Social de Galicia fronte as bases que deben rexer a convocatoria e o proceso de estabilización do emprego do concello de Betanzos, no apartado das bases específicas da praza de educador familiar publicadas no bop 19-12-2022, resolvéuse o seguinte:

PRIMEIRO. Correxir as citadas bases específicas no seguinte punto:

**Onde di:**

“a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

Titulación esixida: Título universitario de grao Especialidade: Educación Social, Psicopedagogía, Pedagogía, Psicoloxía”

**Debe dicir:**

“a) Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes:

Titulación esixida: Título universitario de grao Especialidade: Educación Social, Psicopedagogía, Pedagogía, Psicoloxía, Traballo Social ou equivalente”

SEGUNDO. Anular a actual convocatoria actual do posto.

TERCEIRO. Proceder ao inicio do novo prazo de presentación de solicitudes a partir da publicación deste anuncio no BOE.

O que se fai público para xeral coñecemento e os efectos oportunos.

Betanzos, 26.01.2023

A alcaldesa

María Barral Varela

2023/588